




Eu falo galego

CONTIDOS

- .Portada
- .Editorial do Equipo de dinamización da lingua galega
- .Carta do director do centro
- .Vellas palabras novas:
 - Rosalía de Castro. *Negra sombra*
- .Ler e escribir no RUP:
 - .Trocolibro
 - .Concurso de microrrelatos
 - .2º premio: Escuridade e imquedanza
 - .1º premio: Tan só a oito milímetros
 - .Microrrelatos presentados ao concurso
- .Cándido Pazó conmemora o DLG no RUP
- .Traballo no Ucha pero fago...
 - .As ilusións agochadas: *grupo Abreatrás*
- .Actualidade do RUP
 - .Alumnos nos Premios Ferrolterra Emprende Xove
 - .Entrega de premios do Primeiro concurso de microrrelatos RUP
- .Letras galegas 2014: Xosé Díaz Castro
- .QUE:
 - .ler, ver, clicar, cociñar, visitar
- .Contraportada: Esmeralda, de X. M. Díaz Castro

CRÉDITOS

DIRECCIÓN, COORDINACIÓN EDITORIAL E DISEÑO

Equipo de dinamización da lingua galega CIFP RUP
CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, Caranza
Ferrol, xuño de 2014

CONTAMOS CONTIGO

Este é un proxecto aberto e que precisa de ti para ser vivo. Se queres participar na revista ou nalgunha iniciativa de dinamización da lingua galega no centro, queres facer alguna crítica ou tes unha suxestión, podes poñerte en contacto con nós ao través do seguinte enderezo web:

edlg@cifprodolfoucha.es

Estaremos encantados de escoitar as túas ideas.
Precisámolas!

EDITORIAL

Neste segundo número da revista efG centrarémonos nas obras dos alumnos e alumnas para gozar das palabras imaxinadas para o concurso de microrrelatos convocado polo Equipo de dinamización da lingua galega co apoio da dirección.

Foi esta unha das actividades que neste curso convidaron a toda a comunidade educativa —en especial, o alumnado— a mergullarse na escrita e na lectura en lingua galega. E non só na nosa lingua!

Ler e escribir son dúas das competencias fundamentais para procurar a liberdade e autonomía das persoas.

Aprendemos a ler e escribir para poder iniciarnos en calquera arte ou ciencia interpretando manuais, libros, apuntamentos, notas...

E hoxe máis ca nunca, a comunicación basease na palabra escrita, vehículo fundamental de intercambio na rede.

No século XXI ler e escribir non só consiste en codificar e decodificar unha mensaxe. Cada vez máis, a interpretación crítica xoga un papel esencial na nosa formación coma profesionais e coma persoas ... Ante a inabarcable cantidade de información, a madurez do receptor será o factor clave para lograr un coñecemento efectivo e este, á súa vez, o que lle dará aquela madurez que precisa ... unha viaxe en espiral sen fin na que vale a pena embarcar.

E todo isto sen esquecer a pura delicia de ler porque si!

Roubándolle as palabras a Schopenhauer ... *O grande vigor e capacidade do intelecto que expulsa o aburrimiento e fai o ser humano interiormente rico, que logra infinitamente máis ca todas as distraccións que a riqueza pode comprar, ademais, un ánimo contento e razoable, estas son as cousas que importan moito.*

Carolina G.

Carolina García Rodríguez é coordinadora do Equipo de dinamización da lingua galega e profesora da familia profesional de Edificación e obra civil

CARTA DO DIRECTOR DO CENTRO

Por segundo curso consecutivo, o CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, a través do grupo de persoas que forman o Equipo de dinamización da lingua galega, saca á luz un novo número desta revista como parte do proxecto efG. Son dous anos de esforzo e dedicación de todo este Equipo de dinamización da lingua galega que comezou a traballar hai tres anos en prol da lingua, impulsando accións que nos fagan reflexionar sobre a súa importancia.

Fernando López Uceira é director do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro e profesor da familia profesional de Informática e comunicacións

A lingua galega é un ben que nos pertence a todos e que, polo tanto, todos temos que coidar. Un xeito de levar a cabo isto é facer uso dela na nosa rutina diaria, non só no centro educativo, senón tamén nas actividades que desenvolvamos fóra del.

Neste curso académico que está a piques de rematar, promovéronse no centro diversas accións co fin de cumprir con ese labor de coidado da nosa lingua. Unha delas foi o *Trocolibro*, un evento para fomentar a lectura que se desenvolveu inicialmente no primeiro trimestre, pero que se materializou nun punto de intercambio permanente que quedou activo durante o resto do ano.

Outra actividade foi o primeiro *Concurso de microrrelatos en galego*, cuxo obxectivo era o de fomentar o uso escrito do galego e que tivo unha boa acollida entre o alumnado nesta primeira edición.

Tamén se incorporou o Equipo de dinamización da lingua galega á convocatoria dos *Premios a proxectos de innovación na Formación Profesional*, realizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O noso centro presentou un proxecto de innovación moi relacionado coas linguas que se utilizan nos módulos profesionais no que o galego ten tamén un apartado importante.

Para complementar todo este traballo, e aproveitando a semana das Letras Galegas, tivemos con nós a Cándido Pazó, un recoñecido contador que nos ofreceu unha hora de historias e contos en galego.

Como vemos, foi este un curso cunha variedade importante de accións, todas cun fin común: o de por en valor a lingua galega. Co esforzo do Equipo de dinamización da lingua galega e, por suposto, coa colaboración do resto da comunidade educativa deste centro, pouco a pouco, faremos do galego un vehículo de comunicación habitual nas nosas vidas.

Fernando L. Uceira

Rosalía de Castro



O 17 de maio foi elixido Día das Letras Galegas pola Real Academia Galega para conmemorar a data na que se publicou Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no ano 1863

Imaxe: Fundación Rosalía de Castro

NEGRA SOMBRA

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

*Negra sombra pertence ao poemario
Follas novas de Rosalía de Castro (1880).*

*Xoán Montés Capón musicouno sobre un
alalá da Cruz do Incio e presentouno no
Gran Teatro da Habana en 1892.*


*Xa moi cedo, Negra sombra chegou a ser
un himno para os galegos.*

*As interpretacións contemporáneas máis
coñecidas son a de Amancio Prada e a de
Luz Casal. Vale a pena escoitalas de novo.
A rede poncho moi doado.*

*No programa La mitad invisible de RTVE,
Juan Carlos Ortega achégase á negra
sombra de Rosalía con abraio, tenrura e
curiosidade. Háche gustar:*

<http://www.rtve.es/television/20130914/negra-sombra-poema-rosalia-castro/744761.shtml>

O trocolibro



Como xa explicamos na editorial, o fomento da lectura é un dos obxectivos básicos do Equipo de dinamización da lingua galega e da biblioteca do Ucha.

Moitos profesores do centro —e máis dun alumno— recordarán os lemas dos oitenta que dende a tele animaban os rapaces a coller un libro nas mans e viaxar co seu maxín. A sociedade actual non os ten tan presentes e, polo que podemos ir constatando, este non invita a ler vaise traducindo no esquecemento dun hábito que non só nos fai máis libres —por mellorar moitas das nosas competencias persoais e profesionais—, senón que tamén nos proporciona momentos de lecer infinitos antes, durante e despois da lectura.

- Sabes cal é o libro preferido do teu mozo ou da túa moza, dos teu irmáns, ou dos teus mellores amigos? Líchelos? Provócanche a ti as mesmas emocións?
- Cal foi o libro no que se basearon as películas que máis che gustaron?
- Por que tanta xente di que lle gustou máis o libro có filme?
- Entraches na biblioteca do teu centro?
- Tes idea de cal é a biblioteca máis próxima á túa casa?
- Como sería escoller e ler un libro sen que cho esixa un profesor?
- Que lectura lle recomendarás aos teus fillos no futuro ou cales lles recomendas agora?
- Experimentaches que falar dun libro rompe o xeo e axuda a coñecer xente? Pensaches algunha vez que, se un libro non che gusta, hai millóns máis que podes probar e que é practicamente imposible que non che guste ningún?
- Que xéneros son os teus favoritos?



Ademais do punto continuado de trocolibro, na biblioteca é unha estación na que iniciar milleiros de viaxes nos trens que son os libros. Podes lelos aquí ou levalos para a túa casa, como prefiras.

Estamos á túa disposición. Esperámoste!



Para axudarte con estas cuestións e poñercho ben doado, o pasado decembro organizamos unha xornada de trocolibro. Tratouse, como xa sabes, de achegar aquel libro que xa tiñamos lido para formar un fondo do que escoller outro que nos resultase atraente.

Quen participou quedou moi satisfeito. A quen non lle gusta revolver nunha morea de libros, buscar o que máis se lle axeita e levalo para á casa? E máis nun posto improvisado no Ucha!

Desta xornada, quedou o punto continuado de trocolibro, na antiga conserxería do centro, para que seguir actualizando as nosas lecturas durante ao noso ritmo ao longo do curso.

Cada ano repetiremos a experiencia e, tanto se te animaches na primeira edición, coma sen non ... contaremos contigo. O éxito do trocolibro está nas túas mans!

O Equipo de dinamización da lingua galega do RUP

Concurso de microrrelatos. E, de súpeto, a súa vida tronzou



Xurado:

—Eva Robles Freire, profesora de Informática e comunicacións e secretaria do centro

—Roberto J. Amado Castro, profesor de Edificación e obra civil

—Roberto Romero Restrebada, profesor de Informática e comunicacións e Coordinador de programas internacionais

—Raúl Aneiros Cabana, profesor de Informática e comunicacións, responsable da biblioteca do centro e membro do EDLG

—María José Cebreiro Fernández, do persoal de administración e servizos, en representación propia e das súas compañeiras: Josefina Díaz Rodríguez e María Pilar Álvarez Maceiras
—J. F. Castro Milia, profesor de Informática e comunicacións e membro do EDLG, actuou como secretario, con voz pero sen voto, en substitución da coordinadora do equipo

Gañadores:

—Primeiro premio: Tan só a oito milímetros, de Javier Lopez Rodríguez, do CS Animación de actividades físicas e deportivas

—Segundo premio: Escuridade e inqueda, de Marina Toimil Beceiro, do CS de Administración e finanzas

Este curso, o Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) convocou, coa colaboración da Biblioteca e a Dirección, o primeiro concurso de microrrelatos do Rodolfo Ucha. Aínda que aos premios só podía optar o alumnado, rexistrouse a participación doutros membros da comunidade educativa. Os requirimentos básicos eran non superar as 150 palabras nin presentar máis de dous microrrelatos por persoa e que o texto integrase o enunciado: *e, de súpeto, a súa vida tronzou*.

O resultado foi tremendamente positivo. A participación estivo moi repartida por ciclos, réxime de matrícula e sexo dos concursantes. Recibíronse 28 relatos de 21 alumnos e tres máis fóra de concurso, o que para unha primeira edición semella todo un éxito.

O tribunal tivo as súas dificultades para elixir os gañadores. E é mágoa que só houbera dous premios porque outras obras que quedaron seleccionadas para a rolda final ben merecerían ter obtido maior recoñecemento.

O primeiro premio foi para un relato evocador dunha situación extrema cun vocabulario moi adxectivo que nos envolve e nos sitúa coma espectadores dunha escena escura e desconcertante, que nos deixa gravadas preguntas sen resposta : Quen? Por que?

Coma segundo clasificado resultou elixido un microrrelato que é quen de despertar un sentimento telúrico tan propio de Galicia como é a empatía coas xentes do mar e coas súas desgrazas. A tristura da protagonista refórzase coa melancolía que provoca a imaxe duns cantís sobre os que ameaza a chuvia. Coa frase obrigada perfectamente encaixada no texto (neste aspecto, foi o mellor de todos) resultou un duro competidor polo primeiro posto.

Predominou o drama sobre a comedia e o estilo indirecto sobre o directo. Escribiuse sobre o amor, o alzheimer e o esquecemento, o paro, a construción naval e Ferrol, a infancia, o abandono de animais, as execucións e os asasinatos, a droga, o facer as beiras, os roubos e a violencia, a adolescencia e a homosexualidade, ademais de ficcións desenvolvidas dun xeito moi creativo.

Aínda que certos textos — ou partes deles — poderían estar mellor traballados e malia que a frase obrigada algunhas veces parecía metida a calzo, o esforzo de tramar e elaborar un relato sempre é de valorar; por iso, a mensaxe dende o EDLG é de congratulación, de agradecemento pola participación e de ánimo para non abandonar o costume de escribir na nosa lingua. E de tentalo nunha vindeira ocasión!

Raúl Aneiros Cabana


Neste número de efG publicamos, unha vez revisados, un relato de cada un dos participantes (coa excepción do alumno gañador, do que recolleemos os dous que remitiu). Fóra dos dous relatos premiados, a localización dos textos na revista responde exclusivamente a criterios de maquetación.

Segundo premio

ESCURIDADE E INQUEDANZA, por *Meixela Vermella*

O vento remexía os seus vermellos cabelos. Todos os días camiñaba polos cantís que anos atrás lle roubaran a súa ledicia. Escuridade e inquedanza visitábana para tinguila de negro; a súa mirada atopábase coas nubes mentres as bágoas escorregaban polas nús meixelas. Ao lonxe ameazaba con chover, pero iso non lle importaba; a miúdo chegaba á casa coa roupa enlamada e mollada.

Esqueceulle rir, esqueceulle amar, esqueceulle todo o que a mantiña viva. Soamente recordaba o día en que petaron á súa porta e, de súpeto, a súa vida tronzou. O mar levoulle o seu amor, o mar esnaquizoulle a vida como fai coas rochas da rompente. Condenouna a vagar sen camiño, sempre outeando ao lonxe, esperando un milagre.



Escuridade e inquedanza é obra de Marina Toimil Beceiro, alumna do primeiro curso do Ciclo superior de Administración e finanzas

Primeiro premio

TAN SÓ A OITO MILÍMETROS, por *Reivaj*

Véxoa ao lonxe estremecerse coma a feble luz do farol que a arroupa; coma o derradeiro pétalo dunha flor murcha.

Achégome a ela e cun sorriso cálido ofrézolle o paraugas; recólleo, sen dubidar en devolverme o sorriso.


Treme, está fría, mollada, e non vacilo en quitar o abrigo para poñerllo a ela.

–A que viñeches?– pregúntame cun ollar desdebuxado polo rímmel que lle escorre pola súa faciana.

–Vin por ti, só por ti– respóndolle, despois de aloumiñarlle as meixelas e limparllas cos dedos.

Agárroa dos ombreiros e achégome a ela tanto, que sinto o forte latexar do seu corazón. Doulle un bico nos pálidos beizos. Quero que se sinta cómoda, que se sinta segura.

O ruído da chuvia ó caer fai do disparo un murmurio. A súa mirada quebra, o seu derradeiro suspiro esvaece no ar. E, de súpeto, a súa vida tronzou. E con ela, a miña.



Tan só a oito milímetros é obra de Javier Lopez Rodríguez, alumno do segundo curso do Ciclo superior de Animación de actividades físicas e deportivas (TAFAD).

Javier enviou ao concurso un segundo microrrelato, de título O que foi e non é, que tamén publicamos nesta revista.

Relatos presentados

2.5 PETABYTES, por Pindrul

.Pseudónimo: Pindrul

.Autor: Roberto Vargas Arbe

.CS Desenvolvemento de aplicacións web

.Réxime modular

—Bos días. Co doutor Báñez, por favor?

—Neste intre está cun doente. Quen o chama?

—Hum! Oh! Son un paciente. Dígalle que me chame máis tarde a este número.

Xa esquecera canto tempo levaba co tratamento. Necesitábao; a súa rutina era implacábel. Sentía unha fonda satisfacción cando ollaba as pímulas postas nunha estrita orde de cores.

«Volverei chamar», pensou. Non, o doutor sen dúbida estaba moi ocupado.

Xa quedaban poucas menciñas, necesitaba máis....Volveu ollar as pequenas cápsulas; cambiounas de orde.

«Como se fosen medrar», cavilou.

Tiña que tomalas. O peito cheo de punzadas. Non tiña máis para a tarde. A rutina, a rutina ...

—Ring, ring. Ola?

—Ola. Son o doutor Báñez. Con quen falo?

—Con... (Non o lembraba.)

—Ola? Ola?

E, de súpeto, a súa vida tronzou. A suor fría percorríalle a fronte. Outra vez. Perdera a identidade.

AS INCERTEZAS DA VIDA, por María Suárez

.Pseudónimo: María Suárez

.Autora: María Rebón Seoane

.CS Administración e finanzas

.Primeiro curso

*María tamén presentou o relato As derradeiras
verbas do tío Robert.*

Era un home de ben; tíñao todo. E, de súpeto, a súa vida tronzou. Cometeu o grande erro da súa vida. Ata o momento, non coñecía a realidade, nunca sufrira. Agora eran moitas as incertezas ás que se enfrontaba. Por primeira vez, sentía como o medo se propaga polas súas veas. O mundo estaba na súa contra. Estaba só. Xa non tiña nada que perder. Loitou ata o derradeiro momento, pero perdeu. Hoxe, o seu lapidario é un mar de condolencias: converteuse no líder que nunca foi en vida. Eu só podo pedirlle perdón por vivir nun país que non lle soubo dar as grazas.

Relatos presentados

.Pseudónimo: Bob

.Autora: Belén Horjales Benítez

.CM Xestión administrativa

.Réxime modular

CÓIDAME SEMPRE, por *Bob*

«Érache un rapaz tan ben feitoño!!! O Pepe. Na vida pensara que bailara con ela. Como llo diría ao seu pai? Sabía que, aínda que ficaba namorada del, non a deixaría ir co seu amor».

—Lola, érquete; é a hora do almorzo— espértaa a súa nai.

Non sabe na casa de quen está; non coñece o lugar.

—Nai, nai! Quen é toda esta xente que non coñezo? Podo soprar as velas da torta coa miña irmá?

Súa irmá cumpría dous anos. Todos lle dicían canto se semellaban entre elas. Logo de dúas semanas ...

—Olla, Lola, que bonita estás na foto do aniversario da Antía.

—Non me vexo. Onde é que estou?

—Aquí, soprando as velas

—Eu non son esa vella!!!

E, de súpeto, a súa vida tronzou de dor. Pola súa meixela esvara unha bágoa e dálle un gran bico á súa avoa.

.Pseudónimo: Red Diamond

.Autora: Beatriz Eliana Balado Lamas

*.CS Desenvolvemento de aplicacións
multiplataforma*

.Primeiro curso

Beatriz Eliana enviou tamén o relato Inocencia

ÚLTIMAS PALABRAS, por *Red Diamond*

As historias ás veces apréndennos leccións.

A vida de Áurea sempre foi dura. O seu pai esforzábase para que non lle faltara de nada, pero a súa nai— que, despois de perder o traballo, deixou todas as súas ambicións ao caer no xogo— provocaba que a situación familiar se tornara problemática cando as cartas do banco chegaban á casa.

Aquela mañá, Áurea enfrontouse a ela e súa nai respondeulle saíndo pola porta: «Ti tamén gastas. O que eu faga non che interesa». O rancor acumulado liberouse: «Ódiate. Espero que me deixes en paz». E logo, silencio.

Máis tarde soou o telefono. E, de súpeto, a súa vida tronzou: «Filla, túa nai tivo un accidente. Non puideron facer nada».

Dende entón, Áurea xa non odia, xa non se enfada, e sempre escolle as últimas palabras. E ti?

Relatos presentados

.Pseudónimo: Burbulla

.Autora: Amanda Barros Vázquez

.CS Proxectos de edificación

.Primeiro curso

INSTANTES INOLVIDABLES, por *Burbulla*

Hai épocas nas que parece que todo se che pon en contra. Que, despois dunha traizón —quizais das peores, sentimentalmente falando—, a luz esa da que falan ao final do túnel nunca chega.

Pasan os días, as semanas, os meses ... e a luz segue sen chegar. Non obstante, aquel día non foi un máis; un cruce de miradas foi suficiente e, de súpeto a súa vida tronzou cando os reloxos marcaban as dez e unha tímida chuvia mollaba o asfalto. Foi inevitable ... ese pensamento percorreu ambas as mentes; ese momento, que foi único, marcou o novo camiño que as dúas comezarían a percorrer, inseparables.

Así empezou unha relación que ía superar todos os límites do previsible, o entenecedor e o imaxinable tanto para a soñadora mente dunha, como para o literario raciocinio da outra. Eternamente xuntas.

.Pseudónimo: Sen Sear D. Dean

.Autor: Ithan López Pardo

.CM Sistemas microinformáticos e redes

.Réxime modular

UN MESMO MUNDO, por *Sen Sear D. Dean*

Diego preguntábase por que as cousas en equilibrio da súa casa caían soas ás veces. Isto leváralo a pensar que algo empuxaba o obxecto.

«Se o empuxa, está aquí; pero non está aquí. E se non esta aquí, entón ten que estar noutro lado» díxose.

E, de súpeto, a súa vida tronzou. Dera coa solución! O que está alí, pero non está: o espello, os reflexos.

«Cada persoa é un mundo ... pero se hai un reflexo son dúas persoas e entón, dous mundos ... » pensou.

Se eles podían estar aquí, el podería ir alí. Achegouse ao espello e tentou entrar á habitación e, para o seu asombro, o seu reflexo quedou inmóbil e puido pasar a través do espello. Asombrado, Diego preguntoulle ao seu reflexo por que o deixara pasar en lugar de imitar os seus movementos, como era de esperar.

—Non deixarche ver xa non é suficiente.

Relatos presentados

.Pseudónimo: Relativista

.Autora: Eva María Regueiro Castro

.CS Administración de sistemas informáticos

.Réxime modular

Eva tamén presentou o relato Ruído na sabana africana

SEMPRE NOS ESQUECE ALGO, por *Relativista*

Sentiu unha dor intensa na cabeza, e, de súpeto, a súa vida tronzou. No hospital ningún médico sabía curalo e diagnosticáronlle poucos meses de vida: tiña unha bacteria descoñecida no seu cerebro.

Pasado o tempo, lonxe de empeorar, sentía que cada vez era máis e máis intelixente. Tanto, que ate chegou a ser un grande investigador, e todo grazas á bacteria. A vida sorríalle e, como precisaba dun axudante, construíu un robot case humano ao que lle aprendeu todos os seus descubrimentos.

Mais un día, a bacteria desapareceu do seu cerebro e, con ela, os seus coñecementos. Xa non podía investigar, porque non entendía as fórmulas complexas, polo que o robot tivo que asumir as súas tarefas e traballar polos dous. Traballaba tanto que, enfadado, preguntoulle ao científico por que, se foi tan intelixente, non se lle ocorreu facer réplicas da bacteria.

—Porque aos humanos sempre nos esquece algo.

AQUEL VERÁN ADOLESCENTE, por *Ton*

.Pseudónimo: Ton

.Autor: Aírton Completo Rasgado

.CS Proxectos de edificación

.Primeiro curso

Xullo: Verán, mañás de verán, de madrugadas, de paseos, mañás de excesos, mañás xuntos e revoltos ... Trucos de maxia. Risas. Bicos. Confesións e máis risas. Agasallos. Praia. Atardecidas. Ceas. Bicos. Duchas nocturnas. Noites de bicos e bicos de boas noites. Ronquidos. Sonos. Despedidas no portal.

Agosto: Un banco. Unha viaxe. Despedida e promesas. Días. Mensaxes. Días e máis días. Reencontro. Historias, anécdotas. Bicos. Festas. Bailes. Escapadas temerarias á media noite na busca de intimidade. Consecuencias.

Setembro: Sorpresas. Bicos. Tortas. Cancións. Sofá. Películas. Sestas. Bicos. Tarde de Compras. Detalles. Fotos. Chistes. E, de súpeto, a súa vida tronzou... Enganos. Mentiras. Decepción. Rancor. Discusións e máis mentiras. Todo cambiou. E así como o outono, a dor presentouse como a antesala dun dos invernos máis tristes e fríos ata o día de hoxe. Inverno que se podía resumir cunha palabra: Eterno.

Relatos presentados

.Pseudónimo: Sally Radio

.Autora: Alba María García Golpe

.CS Administración e finanzas

.Segundo curso

UN PASO MÁIS, por *Sally Radio*

Foi dende a porta da entrada até o dormitorio dando tombos. As lágrimas escorregábanlle polas meixelas, pero ela nin se decatara. Cando chegou á estancia, envolta nunha escuridade case total, apoiouse na parede e deixou que a presión do aire fixese que se lle encollese o peito, coma se unha man a oprimise moi forte. Sentada no chan, caeu na conta de que aínda tiña entre os dedos, aferrada con tanta forza que a magoaba, a cadea de ouro coa medalla. Mirouna fixamente e, de súpeto, a súa vida tronzou. Con determinación, colleu as chaves do coche e saíu da casa. Dende o cantil vía as ondas bater con forza contra as rochas. Non había ninguén máis alí, estaba soa. Soa. Achegouse ó borde. Coa cadea na man pensou «un paso máis».

.Pseudónimo: Raidho

.Autor: Miguel Otero Rey

*.CS Desenvolvemento de aplicacións
multiplataforma*

.Primeiro curso

DECLARACIÓN DE INTENCIONS, por *Raidho*

Volvía para a casa tras unha produtiva xornada picando código. Foi nese intre cando notou que algo cambiara no contorno. Reparou no título do novo cartel: *E, de súpeto, a súa vida tronzou*. A intriga obrigouno a ficar alí por un anaco, lendo o resto do cartel. Só era un concurso máis, de índole literaria. O certo é que el xa escribira cousas no pasado, textos que incluso algúns louvaban. Vaia bazofia, que xente! El, o único que fixera ata o momento, fora buscar o xeito de guindar ao lixo esas pequenas cousas que van rillando a conciencia dun, día tras día e, como resultado, como fixeran moitos antes ca el, ás veces escribía. Pero este non sería o caso. Non, o certo é que diso había xa moito tempo. Unicamente quedaba, froito das circunstancias, un mercenario. Unha recompensa suculenta por un traballo rápido. Que mercenario podería rexeitar tal oferta?

Relatos presentados

VIDAS TRUNCADAS, por *Poisnonsei*

.Pseudónimo: Poisnonsei

.Autor: Xosé Ramón Rodríguez Lourido

.CM Sistemas microinformáticos e redes

.Réxime modular

Como decotío, Xosé ergueuse cedo para ir traballar. Preguiceiro, cos ollos aínda pechados, facía das tripas corazón para se enfrontar coa rutina.

Aquela mañá non podía imaxinar o que ía acontecer. Chegou ao estaleiro e dirixiuse ao vestiario como de costume. Alí estaban os compañeiros que, con pouco ánimo, murmuraban un «bos días». Mentres se dispoñían para o traballo, comentaban as cousas de cada día: que se o tempo, que se o partido de onte ... e o mal que ía a empresa e o pouco traballo que tiñan. Mais ninguén sabía que aquel «era o día».

A xornada transcorría con normalidade, pero ao volveren do descanso alí estaba el. Castro, o xefe, reuniu os traballadores e con xesto nervioso e voz trememente espetou:

—Sentímolo moito. Imos pechar.

E, de súpeto, a súa vida tronzou. Foran lustros de esforzos baldíos. Un arrepió percorreu o corpo de Xosé. Xa non tiña nada.

O TEMPO DOS VAMPIROS, por *Polanski*

.Pseudónimo: Polanski

.Autor: Carlos Castilla Saavedra

.CM Comercio

Cheguei a Navantia con certo malestar. Tivera mala noite, con pesadelos de seres escuros e vermellos. No camiño ao traballo, o ceo semellaba sangue. «Curioso amencer», pensei ante os paxaros que chiaban en bandadas. Un obreiro susurroume: «Parece que teñen membranas!». E, de súpeto, a súa vida tronzou. E tamén a miña.

Aconteceu cando vestiamos o buzo e os cascos: exército indomable de 300 anos de sangue. Intensificáronse os chíos dos paxaros. E recortáronse en zigzag, ata facer tremer as grúas. Non eran paxaros: eran morcegos. Escoltados polos ollos insomnes dos VAMPIROS.

O ceo cubriuse de carbón, as sereas desatábanse como na Guerra Civil. E derrubáronse os estaleiros coa fugacidade dun mal sono. Os vampiros camiñaban polos barcos. Coas capas ao vento. E as grúas viñéronse abaixo ata ser cinzas. Sobre nós, o manto negrísimo do ceo. Por diante, o horizonte sen traballo. Escuro coma un vampiro.

Terrible, coma Ferrol sen naval.

Relatos presentados

.Pseudónimo: Gallagher

.Autor: Miguel Alexandre Martínez Blanco

*.CS Administración de sistemas informáticos
en rede*

.Primeiro curso

NOITES DE AMOR, por *Gallagher*

Prematura noite primaveral, calor abafante, sábado noite, ambiente nas rúas, un whisky e ela.

Cambaleando a duras penas nunha discoteca chea de xente, divisouna entre o montón: a máis preciosa, a muller da súa vida. Saíu tomar o aire, xa que a sufocación dentro era insoportable, cando, de repente, por azar ou destino, ela apareceu ó seu carón. Unha morea de nervios provocados polo seu corpo facían percorrer unha pequena corrente eléctrica polo seu sistema nervioso. Intenta mediar palabra, pero a súa presenza intimídao ... Iso de estar tolamente namorado dela é algo que nunca soubo levar. Intenta recompoñerse, pégalle un trago á súa copa e declárase; xa era hora de mitigar o mutismo que o invadía cando estaban xuntos. Entre respiracións aceleradas e tatexos, logra mediar o seu discurso existencial. Tremendo tras rematar, ela cólleo da man, bícao e, de súpeto, a súa vida tronzou.

.Pseudónimo: Mouchiño

.Autor: Hugo S. Arias Barros

*.CS Administración de sistemas informáticos
en rede*

.Primeiro curso

HAI QUE GOZAR, por *Mouchiño*

E, de súpeto, a súa vida tronzou. Luísa non se daba conta do pouco que gozaba da vida. Ás veces preocupábase demasiado polas cousas que tiña que facer e, despois da última noticia, aínda o parecía máis. Hai moita xente no mundo, supoño que é unha cuestión de sorte as vivencias que che cadran. Ademais, este mes tócalle Disneyland; xa lle tarda levar a Eva e que estea chea de ledicia outra vez. Ó mellor, o mes que vén pode que vaian a outro parque de atraccións, ou visitar Santiago, onde nunca a levará, co preto que está. Cando están xuntas sempre falan de todos os sitios que han visitar, e do ben que o pasarán. Está a coidar a Eva moito, pode que incluso acaben visitando todos eses lugares, pero o tempo pasa e queda pouco. Hai que gozar da vida.

*Ademais deste, Hugo remitiu outro relato co
título Un día de verán*

Relatos presentados

A DERRADEIRA CONFRONTACIÓN, por *Planas*

.Pseudónimo: Planas

.Autor: Christian Plana Martínez

.CM Sistemas microinformáticos e redes

.Réxime modular

Era o último pelotón de soldados que lograran sobrevivir á emboscada daqueles monstros que asaltaron o refuxio militar. As posibilidades de saír con vida daquel inhóspito lugar comezaban a reducirse.

—Levamos dez minutos escapando. Hai que facer algo!

—Tes razón, Aliciam— dixo o comandante.

Unha besta arremete contra Aliciam, que cae ao chan empurrada pola enorme forza daquel ser. Lauren escoita o grito de dor e apuña o monstro.

—Soldados, cubride a zona! Vamos!

O comandante arrastra a súa muller detrás dun tronco e inspecciona a ferida que non para de derramar sangue. Os inexpertos soldados vense axiña reducidos pola inferioridade numérica.

—Aliciam, déitate aquí, teño que ir ... —colle o fusil de asalto e corre rapidamente a axudar os superviventes. Tras isto, unha besta salta sobre Aliciam e desgárralle o peito. Lauren dáse a volta e descobre o corpo inerte de Aliciam no chan. E, de súpeto, a súa vida tronzou ...

O TURISTA, por *Project Demon*

.Pseudónimo: Project Demon

.Autora: Sonia Díaz Canosa

.CS Desenvolvemento de aplicacións web

.Réxime modular

E, de súpeto, a súa vida tronzou. Estalaron todas as pezas do seu crebacabezas. O ceo azul e a esencia marítima aceleraron os *volts* dos seus nervios. O castelo de San Felipe; os miradoiros de Monteventoso e Chamorro; o barrio de pinceladas modernistas da Magdalena; as hipnotizadoras praias de San Xurxo, Covas, Esmelle e Doniños; os maxistrais Arsenais Militares; o colosal Teatro Jofre; o Cantón e o seu vestixio botánico; as fontes de San Roque e da Fama; o interesante obelisco Churruca e o delicioso patrimonio relixioso. Todo este conxunto traza o mapa dunha cidade nobre e elegante. Cando desembarcou, os suntuosos perfís agasallaron a súa perspectiva. Entre as rúas, a cada paso, infiltrábase a necesidade de máis. Tiña fame de coñecer todos e cada un dos recunchos en profundidade. A súa vida cambiou, permutou, trocou, mudou, tronzou. O mundo xa non sería igual. Nada vencería a beleza de Ferrol.

Relatos presentados

.Pseudónimo: Miss Messy hair

.Autora: Daniela Braña Señor

.CS Guía, información e asistencia turísticas

.Primeiro curso

DESPEDIDAS CON SABOR A SAL, por *Miss Messy hair*

Lembraba os seus grandes ollos castaños anegados polas bágoas. Lembraba ter alongado a man, sentindo unha pequena picada de dor no peito ao vela tan fráxil, para tratar de secalas, abrazala despois, e bicala ata conseguir levar o seu medo e desterrar todos aqueles demos que vivían na súa cabeza e a torturaban día tras día.

—Vasme botar de menos?— preguntou ela esbozando un estraño sorriso que non transmitía máis que dor e cansazo—. Sinto tanto ter que marchar ...

—Tranquila, pequena— tranquilizouna algo desconcertado—. Verémonos dentro de dúas semanas.

Non entendeu aquela profunda tristura súa e, para a súa desgraza, cando conseguiu comprendela era demasiado tarde.

Dúas semanas despois soou o teléfono, a través do cal non escoitaba máis que o choro afogado da nai de Noa.

Non tardou en casar as pezas do crebacabezas. E, de súpeto, a súa vida tronzou.

.Pseudónimo: Curran

.Autor: Néstor Pérez Rodríguez

.CS Guía, información e asistencia turísticas

.Primeiro curso

CUESTIÓN DE PROBLEMAS, por *Curran*

Era o mellor no seu campo. Pero, cal era o seu campo? Solucionar problemas.

Se un rapaz tiña que entregar un traballo ao profesor, pero non tiña tempo, podía chamalo a el. Se un país corría o risco de ser invadido, tamén podía chamalo a el. Calquera que fora a situación para arranxar, podía facelo.

O seu último encargo: unha noiva con medo á voda. Foi ela mesma a que o chamou. Quería casar, pero cada vez que vía o vestido sufría un ataque de pánico. Aínda que, nada mais ver aquel home que estaba alí para axudala, todo cambiou.

Ela viu o seu ollar, fixo nela, e, de súpeto, a súa vida tronzou. El caeu no que xurara non caer. Había sentimentos de por medio. Xa non podía solucionar un problema que non quería resolver. Agora non podía facer nada, pero quen o axudaba a el agora?

Néstor tamén presentou ao concurso o texto

Esa grande e querida mentira

Relatos presentados

.Pseudónimo: Tea

.Autora: Soraya García Rodríguez

.CM Comercio

Fin é o título do segundo relato que Soraya lle propullo ao xurado

O REPUBLICANO, por Tea

Malnacidos! esa é a única palabra que brotou na súa mente. E entón sentiu a necesidade de cambiar iso: non podía permitir que o seu último pensamento se desperdiciara desa forma.

Preparouse para escoitar, ulir, sentir as ultimas sensacións que se levaría, e notou a brisa no seu cabelo, o aroma das flores, o canto dos paxaros ... Clara, sempre Clara ... Ía un día tan bonito que, por un momento, esqueceu onde estaba ... ata que aquela xente se encargou de recordarllo.

Con cinco disparos, a brisa, os paxaros e Clara desapareceron e, de súpeto, a súa vida tronzou.

.Pseudónimo: Reivaj

.Autor: Javier Lopez Rodríguez

CS Animación de actividades físicas e deportivas

.Segundo curso

Javier gañou o primeiro premio do certame con Tan só a 8 milímetros, pero tamén concursou con este outro relato

O QUE FOI E NON É, por Reivaj

Preguiceiro ergueuse o outro día pola mañá. Coma noutra mañá calquera, dirixiuse ó baño con paso tortuoso. Alí, despois de prender a luz, abriu a billa da auga.

Daquela, nese mesmo intre, fixouse na mirada que o vía dende o fondo do frío e húmido espello. Alzou a man, e cos dedos foi debuxando as engurras daquel rostro que lle resultaba descoñecido.

—Quen ... quen es ti? —preguntoulle dubitativo aproximándose a aquel indiferente cristal do cal non recibía resposta ningunha.

Cos ollos escudriñou cada centímetro daquela faciana na busca de algo familiar, mais nada atopou.

Axiña caeu na conta: decatouse de que el xa non era el e que xamais o volvería ser.

As bágoas xurdiron dos seus ollos como o neno que foi. Entón, e, de súpeto, a súa vida tronzou.

Relatos presentados fóra de concurso

TEIXO, por *Luisjose*

.Pseudónimo: Luisjose

.Autor: Jose Luís Garmendia Díaz

.Persoal da administración e servizos

*Jose chegou, ademais deste relato, outro texto
titulado Ola e adeus.*

E, de súpeto, a súa vida tronzou. Escoitou un disco de jazz, deses de piano lento, de voz de augardente; deses momentos de choiva e noite, de desgarró, de soñar con mundos imposibles, de pechar os ollos e ficar en silencio ... como cando descobre nunha ollada unha arbore, que vive nos cantís, un teixo, duro e flexible coma un bico con sentimento, coma unha canción de jazz ...

A NOTA, por *Inés S. Bustabad*

.Pseudónimo: Inés S. Bustabad

.Autor: Raúl Aneiros Cabana

.Profesor da familia profesional de

*Informática, Responsable da biblioteca e
membro do Equipo de dinamización da lingua
galega do centro*

Era real, era real e longo, con esa fracción infinda que a achegaba ao futuro, un futuro incerto pero inzado de soños e expectativas. E de súpeto, a súa vida tronzou; por mor da fría función da folla de cálculo ficou convertida nun enteiro, nun enteiro alto pero insuficiente, un catro cutre que desposuído da súa restra de noves na parte seccionada deixaba a Mariña fóra da bolsa de estudos.

Cándido Pazó no Ucha para conmemorar o Día das letras galegas

Como neste centro non somos supersticiosos, o martes 13 de maio tivemos unha actividade lúdica para celebrar o Día das Letras Galegas.



Fotografías, F.J. Aulet Barros

Xa estamos nesa lista das preto de 1900 *contadas* en case 500 centros de ensino que Cándido Pazó visita para ofrecernos unha *contada*, tamén chamada *Espectáculo de Narrativa Oral*.

Este vigués de 54 anos non perde o tempo e compaxina estas actuacións co teatro (ámbito no que ten sido moi premiado como autor e director de escena) e mesmo coa súa actividade coma guionista de series populares no noso país.

Durante case unha hora escachamos coa risa cun conto orixinal que ía derivando noutras historias novas, pero sempre con volta ao punto de comezo. Os que temos máis anos lembramos algún conto da nenez, iso si, transformando o que a min me contaban de *un home que foi a feira por uns mandados...*, na historia dun lacazán que, con sátira, representa situacións de actualidade.

A historia raíz estaba baseada nada máis e nada menos que nun artigo de Álvaro Cunqueiro no que fala dunha muller de mediana idade que, por ter unha pata de pau, vive acomplexada. Cando por fin coñece o amor, dáse conta de que o que ela máis despreza do seu propio corpo é o que máis desexa o seu amado: a pata de pau. Pode parecer surrealista pero *el era un coleccionista de próteses*.

Fíxonos reflexionar e foise cunha mensaxe: «as patas de pau están na nosa mente, non vexamos só o que non nos gusta de nós, sempre pode ser moi válido dende outra óptica e tamén para outras persoas».

Eva Robles F.




Cándido Pazó en distintos momentos da súa contada no Ucha



Eva Robles Freire é profesora da familia profesional de Informática e comunicacións, secretaria do centro e membro do equipo de dinamización da lingua galega.

F. J. Aulet Barros é profesor da familia profesional de Edificación e obra civil e xefe de estudos.



Cuberta de Xohán Ledo para a edición de 1961

Díaz Castro formouse no seminario de Mondoñedo. Seguiu a carreira eclesiástica, que acabaría abandonando.

Sabía 14 idiomas (mesmo hebreo, éuskaro, húngaro e os dos países nórdicos) e foi profesor de linguas.

Realizou unha importantísima obra coma tradutor oficial e vocacional.

O seu poemario *Nimbos* é un dos cumes da poesía galega contemporánea. Foi editado por Galaxia en 1961.

O seu verso máis coñecido é un testemuño sobre o seu entender a vida: *A beleza feriume para sempre.*

Penélope e Galicia

Penélope é o poema máis relevante de Nimbos. Nel, Díaz Castro compara Galicia coa muller de Ulises, que destece de noite a tea que tece de día. Galicia sería unha Penélope, e o seu sino sería andar e desandar o mesmo camiño unha e outra vez .

Como interpretas ti ese non moverse da nosa terra do que fala o autor?



Imaxe: Secretaría Xeral de Política lingüística

PENÉLOPE

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A espranza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados como sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

Participación nos Premios Ferrolterra Emprende Xove

O Concello de Ferrol e a Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra (AJE) organizaron a segunda edición dos Premios Ferrolterra Emprende Xove, dirixidos a fomentar o espírito emprendedor, a innovación e o progreso. A gala tivo lugar no salón de actos do campus universitario de Esteiro o día 23 de abril, onde os alumnos participantes expuxeron os seus proxectos e os gañadores recolleron os seus premios tras o fallo do xurado.

Como no ano anterior, o CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro está en boa hora, por ter sido premiados varios alumnos do centro.

Na categoría de Bacharelato e Formación Profesional de grao medio, a premiada foi Soraya García Rodríguez, alumna de comercio, que propuxo un completo proxecto de servizo veterinario que nomeu *Happy pets*.

No nivel de Formación Profesional de grao superior, resultaron premiados os alumnos María Teijeiro Martínez, Edgar López Crego e Javier López Rodríguez, do ciclo de Animación de actividades físicas e deportivas, cun proxecto de centro deportivo para adultos e nenos especialmente centrado na área da psicomotricidade infantil.

Para o centro sempre é un motivo de satisfacción o bo traballo do alumnado, con independencia de que resultara ou non seleccionado, e o dos profesores que o asesoraron e apoiaron: Marco Lamela, da familia profesional de Actividades físicas e deportivas, e Julio Lage, da familia profesional de Administración e xestión.

Parabéns a todos eles!

Entrega de premios do Primeiro concurso de microrrelatos RUP



Eva Robles e J. F. Castro Milia entréganlle o Primeiro premio a Javier López Rodríguez



Os premiados posan xunto a outros compañeiros que tamén participaron no certame

Entrega do Segundo premio a Marina Toimil Beceiro

TRABALLO NO UCHA PERO TAMÉN FAGO ...

As ilusións agochadas

Case todos nós dispoñemos dalgunha habilidade especial ou temos algunha aspiración que queda agochada dende a nosa infancia e que agochada morrerá, se non facemos algo para recuperala. Mágoa, porque se a espertamos pode ser que nos achegue grandes momentos de satisfacción.

As necesidades da vida fan que vaíamos tomando outros camiños e acabemos dedicándonos a outros labores que, tomándoos con cariño, tamén nos darán alegrías, pero ... sempre teremos unha destreza escondida que nos podería producir ledicias maiores; o que temos que facer é darlle paso.

Algunhas das persoas que vemos no centro buscáronlle saída aos seus anhelos.



Manuel Pardo



Víctor Gacio



Coñecemos os protagonistas deste artigo nunha faceta moi concreta, pero calquera día poden sorprendernos ao entrarmos nun local de ocio e atopármolos subidos no escenario.

Eles traballan no Ucha, pero dedícanlle algún tempo a esa ilusión que teñen dende pequenos: un nunca a tivo gardada e o outro recuperouna máis tarde. Polas fotos recoñecerédelos.

Os dous tocan no grupo *Abreatrás* e danlle renda ao seu soño xuntándose unha vez á semana para ensaiar e pasalo ben. E, de cando en vez, teñen algunha actuación e fan gozar a quen os vai ver!

Manolo, que abandonou o piano pola súa outra paixón, o deporte, recupera agora a música cos seus fillos.

Víctor comezou con 18 anos, como case todos os músicos, tocando cos amigos. O seu afán levouno a dedicarse á música coma afeccionado e a formar parte, durante uns anos, de orquestras coma a *Panamá*, nas que pasou polo piano e a guitarra, para rematar no baixo. Ten grandes recordos da súa participación en certames coma o Festival Internacional de JAZZ de San Javier do 2013, en Murcia. Seguramente, terédelo visto nas súas actuacións, sen recoñecelo.

E vós? Tedes algunha ilusión agochada?

Se queredes gozar, tedes que tratar de liberala

J. F. Castro Milia



Manuel Pardo é profesor da familia profesional de Actividades físicas e deportivas.

Víctor Gacio é responsable do mantemento dos equipos informáticos.



J. F. Castro Milia é profesor da familia profesional de Informática e comunicacións membro do Equipo de dinamización da lingua galega.

QUE...

ler en galego

Obra orixinal galega

O porco de pé, de Vicente Risco
Galaxia, 1928. Varias edicións
Unha divertida sátira do sistema.

Moda galega, de María Reimóndez
Edicións Positivas, 94 p. ISBN: 9788487783708
Unha certera mirada poética que escudriña o sistema e reivindica o papel da muller no sibilino patriarcado contemporáneo. Tamén podes continuar con Moda galega reloaded.

Das cousas de Ramón Lamote,
Galaxia, 2008. 128 p. ISBN: 9788498650563 (25ª ed. galega)
Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 1986




Das novas cousas de Ramón Lamote
Galaxia, 2000, 2010. 188 p. ISBN: 9788498650440
Ambos os títulos, da autoría de Paco Martín. Se aínda non tiveches ocasión de rir con Ramón Lamote, asómate ás súas primeiras cousas e descubrirás como unha boa obra para mozos e nenos agocha unha lectura máis complexa á que se poden asomar os adultos. As ilustracións de Xoan Balboa son unha delicia. Apto para todos os públicos.

Obra traducida

A caída, de Albert Camus
Tradución de Mª Dolores Cabrera
Edicións Xerais de Galicia, 1989. ISBN: 8475073719
Unha das obras fundamentais da literatura francesa, o enfoque absurdiste de Camus aborda temas habituais nel: os valores, a culpa, o eu... Un título imprescindible do existencialismo.

O señor dos aneis, de J.R.R. Tolkien
Tradución de Moisés R. Barcia
Edicións Xerais de Galicia. Tres volumes.
Só che diremos que lle preguntes a alguén que lera esta triloxía; transmitirache mellor ca nós a súa fascinación por ela.

María e mais eu, de Miguel e María Gallardo
Tradución de Mª Isabel Soto López
El patito editorial, 2014. 64 p. ISBN: 9788494110993
Esta novela gráfica conta a fermosa historia dos autores: pai e filla e rompe cos estereotipos sobre o autismo. Toda unha beleza.



QUE...

ler en castelán

De **Gabriel García Márquez**, Premio Nobel de literatura finado este ano, propoñémosche os seguintes títulos:

Cien años de soledad. Buenos aires, 1967. Varias edicións. Para esta novela —un bestseller dende o momento mesmo da súa publicación e considerada un dos grandes clásicos hispanos de todos os tempos— a crítica e o público coinciden na súa excelente valoración. A historia do coronel Aureliano Buendía e o seu Macondo é unha das preferidas polos lectores de todo o mundo. Achegámosche o seu arranque:

«Muchos años después, frente al pelotón de fusilamiento, el coronel Aureliano Buendía había de recordar aquella tarde remota en que su padre lo llevó a conocer el hielo».

Crónica de una muerte anunciada. 1981. Varias edicións. Baséase nun crime real para elaborar unha fascinadora novela negra; tamén, unha das máis importantes en lingua española.

El amor en los tiempos del cólera. 1985. Varias edicións. Esta novela, que transcorre entre os séculos XIX e XX, tece cos fíos dos temas fundamentais da vida —o amor, a familia, o tempo e a morte— a fermosa historia de amor dos pais de Gabo.

Obras de García Márquez son: *Relato de un naufrago* (1970), *Doce cuentos peregrinos* (1992), *Del amor y otros demonios* (1994) y *Memoria de mis putas tristes* (2004), entre outras.

Leopoldo María Panero tamén pasou no 2014. Encadrado no grupo dos Novísimos, a obra desgarrada deste poeta acompañado en vida e obra da sombra do malditismo, céntrase na crúa observación e constatación de si mesmo. *Poesía completa (2000-2010)*, de Visor Libros (2013. 622 p. ISBN 9788498958348), recolle os vinte e catro libros dese período.



J. Salvador Lavado Tejón, Quino, o creador de **Mafalda**, recibiu o Premio Príncipe de Asturias de Comunicación 2014. Recomendámosche que te achegues á súa extensa obra: descubrirás tiras cómicas de grande agudeza e calidade gráfica. *Poesía visual para rir e pensar*.

Outras recomendacións:

En la orilla, de Rafael Chirbes. Anagrama, 2013. 440 p. ISBN: 9788433997593. Premio da Crítica 2014 e Mellor libro do ano (Babelia).

Kassel no invita a la lógica, de Enrique Vila-Matas. Seix Barral, 2014. 304 p. ISBN 9788432221132. Ficción sobre feitos e obxectos reais.

revista ef **27**



“No es necesario decir todo lo que se piensa, lo que sí es necesario es pensar todo lo que se dice”

—Quino



QUE...

ler en inglés

Life of Pi, de Yann Martel (2001)

Varias edicións

Esta premiada novela garda reflexións fondas sobre o ser e o estar. En castelán está publicada en varias edicións de peto.

Dear life, de Alice Munro (2013)



Varias edicións

Alice Munro recibiu o Nobel de literatura no 2013. Aos 82 anos presenta esta serie de pequenas novelas plenas de significado e fondura. Ao castelán foi traducida coma Mi vida querida.

Oryx and Crake, de Margaret Atwood (2003)

Varias edicións (tamén en castelán)

Ciencia-ficción en estado puro: o último home na Terra e diversos seres híbridos (homes-porco, lobo-cans, etc.) son os protagonistas desta primeira entrega dunha triloxía fantástica.



ler en francés

Monsieur Ibrahim et les fleurs du Coran, de Eric-Emmanuel Schmitt (2001)



Varias edicións

Unha fermosa historia de encontros entre persoas aparentemente moi distantes que nos aprende a apartar os prexuízos. Foi levada ao cine nun fermoso filme no 2003. Tamén está publicada en castelán.

Comme un roman, de Daniel Pennac (1993)

Varias edicións

Pennac escribe unha invitación á lectura, nada previsible nin convencional, destinada a motivar os inmotivables. Ao castelán traducíuse coma Como una novela (en varias edicións). Totalmente recomendable. Sorprenderate!




TOMA NOTA

A Rede de bibliotecas de Galicia dache acceso á relación, ás características e ao catálogo de bibliotecas nodais, municipais, de centros de ensino, universidades, fundacións, museos e diversas institucións e organismos públicos e privados. Poderás localizar calquera material bibliográfico ou audiovisual e coñecer a súa dispoñibilidade.



Sácalle partido e colle unha enchenta de ler, ver, escoitar os seus fondos e mesmo de participar nas actividades que organizan moitas destas bibliotecas:

<http://rbgalicia.xunta.es/>



QUE...

ver

A pegada dos avós

EAF Producións. Director: Xosé Abad


Premios e nominacións:

- Gañadora Encontro Hispanoamericano de cine independente
- Selección Oficial do Festival Primavera do Cine en Vigo, 2014
- Nomeado Mellor documental para os Premios Mestre Mateo XIII

Un grupo de rapaces percorren, 75 anos despois, un particular camiño tratando de investigar a historia da xeración que viviu o golpe do 36. Elas e eles, en primeira persona, terán que se enfrontar á dureza dos seus descubrimentos e explicar as implicacións que poda ter esta decisión nas súas vidas.

Podes consultar o seu facebook para coñecer lugares e datas de proxección

Fonte: www.facebook.com/apegadadosavos/info



clicar

Cultura galega.org

www.culturagalega.org/

culturagalega.org

O Consello da Cultura Galega ofrécete unha completa páxina web onde seguir a actualidade da cultura galega en centos de manifestacións. As súas seccións xerais son as seguintes:

- Arte
- Audiovisual
- Banda deseñada
- Literatura
- Música

Mergúllate e bucea nelas e nas moitísimas subseccións. Seguro que atopas cuestións do teu interese. Estarás ao día e terás sempre unha suxestión cultural a man!

A web do Rodolfo Ucha

www.cifprodolfoucha.es/



Para estar puntualmente informado de todas as novas que che interesan.

Portal da FP galega

www.edu.xunta.es/fp



A páxina da Xunta de Galicia onde tes toda a información sobre a formación profesional: acreditacións, probas, validacións, currículos, normativa, empresa, convocatorias, etc.

cociñar

Milfollas de crema pasteleira

Ingredientes

2 placas de masa de follado

Para a crema pasteleira:

- 1 l de leite enteiro
- 8 culleradas de azucre
- 5 ovos
- 2 sobres de flanín
- azucre en po



Elaboración

Poñemos o leite a ferver con aroma (pel de limón, canela, vainilla). Por outra banda, batemos os ovos co azucre e co flanín. Cando o leite ferva, engadimos a mestura, agardamos a que volva ferver e deixamos arrefriar.

Cubrimos dúas bandexas con papel de forno e colocamos en cada unha a masa de follado. Volvemos por outro papel e outra bandexa para facerlle peso. Co forno quente a 200°C, enfornamos 25 minutos. Finalmente, cando arrefriar, montamos a milfollas e espolvorexamos o azucre en po.

Eva Robles Freire é secretaria do centro, profesora da familia profesional de Informática e comunicacións e membro do equipo de dinamización da lingua galega.

QUE...


visitar: As Fragas do Eume



As Fragas do Eume son un espazo natural vertebrado polo río Eume que garda os segredos dun bosque único polas súas características, pois é o bosque atlántico, caducifolio, autóctono e costeiro máis importante de toda Europa.

Declarado Parque Natural en 1997 para conservalo e protexelo da súa degradación, comprende mais de nove mil hectáreas dentro dos concellos de Pontedeume, Monfero, As Pontes e A Capela, nas dúas beiras do río, e dende a Serra da Loba, no límite das provincias da Coruña e Lugo, ata pouco antes de chegar á ría de Ares, onde morre o Eume. As Fragas conservan especies raras ameazadas: máis de cincocentas especies na súa flora e unha riqueza na fauna de gran diversidade.

Tamén temos que salientar que o curso das augas do Eume dende o canon do río ata a parte baixa deixa paisaxes e ambientes moi cambiantes de enorme riqueza visual e biolóxica.




En canto ao seu patrimonio cultural, persisten ruínas e vestixios arqueolóxicos como mámoas e castros, e unha forte pegada humana que se reflicte na súa arquitectura civil e relixiosa, da que sobresaen as pontes e as pontellas, os pazos, muíños, caneiros, fornos, o mosteiro de Monfero e, no medio das fragas, a xoia do mosteiro de Caaveiro que se ergue entre os ríos Eume e Sesín.

QUE...

visitar: As Fragas do Eume

O acceso ao mosteiro, e por el ao corazón das fragas, realizábase antigamente dende A Capela, por un camiño nada doado de transitar. O acceso dende Pontedeume a través da marxe esquerda do Eume, faise na década dos sesenta do século XX por unha estrada de 14 km, que discorre polas parroquias de Nogueirosa e Ombre, e penetra nas fragas en paralelo ao río para chegar ao pé do camiño que sobe ao mosteiro, logo de cruzar unha ponte construída neses anos.

O mosteiro de Caaveiro e a súa contorna, veñen de ser rehabilitados neste últimos anos pola Deputación provincial, a propietaria na actualidade.*



Existen diversos e variados itinerarios de sendeirismo ben sinalizados, que nos permiten coñecer e gozar da beleza desta paraxe privilexiada: das Fragas, do canón do Eume, dos mosteiros de Caaveiro e Monfero, das serras de Queixeiro e Forgoselo, das fervezas, regatos e ríos, da central do Parrote, da pena do teixo, etc., e dos que podemos obter información no Centro de Interpretación que se atopa a cinco km de Pontedeume, na estrada que chega ata Caaveiro. Tamén dende este punto sae no verán un bus que leva aos visitantes ata o mosteiro, ao que se prohíbe acceder en vehículo particular, o que lles fai mais agradable a ruta aos camiñantes. Situada ao carón do mosteiro, na que fora vivenda dos caseiros, hai unha pequena cantina onde se poden repoñer as forzas.

Como escribe o profesor Carlos Vales no seu libro *As Fragas do Eume*: “Pontedeume, fondo e embocadura, fin e comezo, onde o río morre e nace a ría é este un bo lugar para iniciar a singladura cara á que aínda é unha das paisaxes forestais máis fermosas do occidente europeo”.

Deixemos que nos leven as pernas ou a bicicleta, paseemos polos seus espazos, escoitemos, e abramos ben os ollos a unha calidade paisaxística inenarrable, aos cantos das fontes, aos regatos que cruzan os muíños, aos ecos prerromanos dos castros, á natureza viva das fragas, onde só se oe o rumor do río e os movementos das garzas, do azor, do esquío, do merlo, e doutros animais que habitan estas terras.

**A rehabilitación do conxunto de Caaveiro —declarado Monumento histórico-artístico en 1975— precisou 10 anos e concluíu no 2011. É obra dos arquitectos galegos Celestino García Braña e Isabel Aguirre Urcola. Este plano recolle a relación entre as pezas do mosteiro e é da autoría dos arquitectos.*

As fragas do Eume están consideradas coma o exemplo máis valioso de bosque termófilo de toda a Europa Atlántica.

Chus Fraga é profesora da familia profesional de Administración e finanzas

,,,

,,,

X. M. Díaz Castro
Nimbos, 1961